

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

13223 *ORDE EHA/2027/2007, do 28 de xuño, pola que se desenvolve parcialmente o Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, en relación coas entidades de crédito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria.* («BOE» 163, do 9-7-2007.)

O artigo 29.1 do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, dispón que as entidades colaboradoras centralizarán a operación de ingreso no Tesouro das cantidades recadadas e o envío ao órgano de recadación competente da información necesaria para a xestión e seguimento dos ingresos.

En realidade, o modelo inspirado na centralización xa foi establecido no artigo 181 do anterior Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro e modificado polo Real decreto 448/1995, do 24 de marzo, polo que o novo marco regulamentario optou polo seu mantemento, tendo en conta as indubidables vantaxes que este reporta.

Así, desde a perspectiva dos ingresos, este sistema permítelle a cada entidade colaboradora realizar un só ingreso comprensivo da totalidade dos recadados nas súas sucursais en cada unha das quincenas recadatorias, o que para as entidades supón unha evidente simplificación do procedemento de ingreso no Tesouro Público e para a Administración tributaria un significativo aforro dos medios utilizados para verificar o cumprimento por parte daquelas.

Polo que respecta á subministración da información, o sistema centralizado antes aludido favorece unha xestión máis áxil, xa que permite reducir os prazos de chegada desta por parte das entidades, así como un seguimento puntual por parte dos órganos de recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria acerca do cumprimento por parte dos obrigados ao pagamento.

A normativa que ata agora regulou a actuación das entidades colaboradoras baséase na Orde ministerial do 15 de xuño de 1995, que desenvolveu parcialmente o Regulamento xeral de recadación en relación coas entidades de crédito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria.

Co transcurso do tempo, e como consecuencia dunha serie de factores e condicionantes que afectaban directamente a prestación do servizo de colaboración, producíronse sucesivas e nalgúns casos significativas modificacións dalgúns aspectos que se regulaban na orde anteriormente mencionada.

Así, e con obxecto de adaptar aínda máis o funcionamento das entidades colaboradoras ao modelo de centralización operativa implantado desde 1995, a Orde ministerial do 13 de decembro de 2001 modificou a do 15 de xuño de 1995, establecendo para cada entidade colaboradora contas restrinxidas de recadación de ámbito nacional, en lugar das provinciais que ata entón existían.

Por outra parte, a crecente implantación da tecnoloxía asociada á internet e a xeneralización do seu uso nas relacións coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, especialmente nas operacións de pagamento de débedas e de presentación de declaracións, motivou a aprobación da Orde ministerial do 28 de decembro de 2000, pola que se outorgou o carácter de xustificante de pagamento a determinados documentos expedidos polas entidades colabo-

radoras, en especial aos recibos emitidos por estas (e xerados con número de referencia completo) nos supostos en que os obrigados optasen por algunha das formas de pagamento a distancia que posibilitan as novas tecnoloxías telemáticas.

Finalmente, a supresión a finais do ano 2003 do servizo de caixa nos locais da Axencia Estatal de Administración Tributaria obrigou a adaptar a normativa aplicable en materia de entidades colaboradoras á nova situación que se presentaba, e nese contexto aprobouse a Orde HAC/3578/2003, do 11 de decembro, que desenvolveu o Regulamento xeral de recadación, na redacción que a este lle daba o Real decreto 1248/2003, do 3 de outubro, e modificar novamente a Orde do 15 de xuño de 1995.

Con obxecto de refundir toda a normativa relativa á actuación das entidades colaboradoras na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, evitando no posible a dispersión normativa actualmente existente nesta materia, así como para adaptala ás previsións do novo Regulamento xeral de recadación, resulta imprescindible a aprobación dunha nova orde ministerial, inspirada na mesma filosofía e baseada nos procedementos ata agora aplicables, cuxos resultados se poden valorar de forma moi satisfactoria.

Os artigos 19, 29, 41 e a disposición derradeira única do vixente Regulamento xeral de recadación habilitan o ministro de Economía e Facenda para ditar disposicións que permitan desenvolver o dito texto regulamentario, en particular no relativo ao réxime de actuación das entidades colaboradoras na xestión recadatoria.

Na súa virtude, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Ingresos que deben admitir as entidades colaboradoras.

Deberán ser ingresadas nas entidades de crédito que actúan como colaboradoras na xestión recadatoria as seguintes débedas:

1. As que resulten das autoliquidacións que se inclúen nos anexos I e II desta orde, con independencia de se o ingreso se efectúa dentro ou con posterioridade aos prazos establecidos pola normativa propia de cada tributo.

Excepto nos casos en que a normativa propia de cada tributo dispoña outra cosa, a autoliquidación deberá levar adheridas as etiquetas identificativas facilitadas para o efecto pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

No caso de que, por autorizalo expresamente a normativa propia do tributo que corresponda, se presenten autoliquidacións que carezan de etiquetas identificativas, o obrigado deberá consignar no documento o seu número de identificación fiscal (NIF). Así mesmo, a entidade exixirá a consignación dos seguintes datos:

Apelidos e nome ou razón social do obrigado.

Domicilio do obrigado.

Exercicio e período a que corresponde o ingreso ou a solicitude de devolución.

Naqueles casos en que a normativa propia dun tributo lle permita ao suxeito pasivo domiciliar o pagamento nas entidades colaboradoras, a entidade que reciba a orde de domiciliación deberá comprobar que o suxeito pasivo é titular da conta en que se domicilie o pagamento e que a dita conta se encontra aberta nesa entidade.

En ningún caso producirán efectos aquelas ordes de domiciliación que os suxeitos pasivos presenten ante as entidades colaboradoras fóra dos prazos que estableza en cada caso a normativa propia dos tributos.

2. As procedentes de liquidacións practicadas pola Administración que se inclúen no anexo III desta orde, sempre que o importe do pagamento coincida co importe a ingresar que figura no documento, excepto nos documentos asociados a dilixencias ou procedementos de embargo. Noutro caso, o obrigado deberá obter previamente da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou dos órganos competentes da Administración xeral do Estado unha carta de pagamento polo importe do ingreso que vaia realizar.

3. Os resultantes das taxas cuxa recadación sexa de aplicación ao orzamento do Estado, formulados nos modelos que figuran no anexo IV desta orde.

4. Os procedentes de taxas xestionadas polos organismos públicos vinculados á Administración xeral do Estado, cuxa recadación sexa de aplicación ao orzamento deste, formulados nos modelos que se relacionan no anexo V desta orde.

Artigo 2. Solicitudes de devolución que deben admitir as entidades colaboradoras.

Todas as solicitudes de devolución por transferencia que resulten das autoliquidacións que se inclúen no anexo VI desta orde poderán ser presentadas nas entidades de crédito que actúan como colaboradoras na xestión recadatoria, con independencia de que a presentación se realice dentro ou con posterioridade aos prazos establecidos pola normativa propia de cada tributo.

Excepto nos casos en que a normativa propia de cada tributo dispoña outra cosa, a autoliquidación deberá levar adheridas as etiquetas identificativas facilitadas para o efecto pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

No caso de que, por autorizalo expresamente a normativa propia do tributo que corresponda, se presenten autoliquidacións que carezan de etiquetas identificativas, o obrigado deberá consignar no documento o seu NIF. Así mesmo, a entidade exixirá a consignación dos seguintes datos:

Apelidos e nome ou razón social do obrigado.

Domicilio do obrigado.

Exercicio e período a que corresponde o ingreso ou a solicitude de devolución.

En todo caso, a entidade colaboradora deberá verificar que a conta designada polo suxeito pasivo ou o seu representante legal para recibir a devolución é da súa titularidade e se encontra aberta nesa entidade. En caso de que a entidade non levase a cabo esta comprobación, será da súa exclusiva responsabilidade calquera incidencia que, por esta causa, se puidese producir no proceso de tramitación ou execución da devolución pola Axencia Estatal de Administración Tributaria ao obrigado tributario.

Artigo 3. Documentos entregados ou expedidos polas entidades colaboradoras que teñen carácter de xustificantes de ingreso.

Teñen a consideración de xustificantes de ingreso os seguintes documentos entregados ou proporcionados polas entidades colaboradoras aos obrigados ao pagamento das débedas:

1. Os documentos de ingreso de autoliquidacións e as cartas de pagamento correspondentes a liquidacións practicadas pola Administración validadas, mecánica ou manualmente, polas entidades colaboradoras.

A validación dos documentos admitidos polas entidades colaboradoras, dependendo de que sexa mecánica ou manualmente, deberá conter, como mínimo, os seguintes datos:

a) Validación mecánica:

Data do ingreso (ou, de ser o caso, data de presentación da solicitude de devolución).

Importe da operación.

Clave da entidade e oficina receptora.

O literal «Ingreso» ou «Devolución» ou abreviatura que permita diferenciar ambos os conceptos.

b) Validación manual:

Data do ingreso (ou, de ser o caso, data de presentación da solicitude de devolución).

Clave da entidade e oficina receptora.

Selo da entidade.

Sen prexuízo do establecido no último inciso do artigo 34.4 do Regulamento xeral de recadación, o efecto liberatorio para o obrigado fronte á Axencia Estatal de Administración Tributaria producirase, nos casos de validación mecánica, en función do importe, da data e da natureza da operación consignados pola entidade colaboradora no documento. Nos supostos de validación manual, en función dos datos que figuren no documento e da data de operación consignada pola entidade colaboradora na dita validación.

Nos casos en que o obrigado realizase o pagamento mediante cargo na conta, carecerá de efectos fronte á Axencia Estatal de Administración Tributaria a data en que a entidade colaboradora valore contablemente a operación na conta na cal cargue o importe do ingreso.

2. Os recibos expedidos polas entidades colaboradoras nos supostos de cargos na conta por pagamentos domiciliados, sempre que se encontre admitida normativamente a utilización deste medio de pagamento.

Os ditos recibos, que lle deberán ser proporcionados ao obrigado pola entidade colaboradora unha vez realizado o cargo na conta, deberán conter, como mínimo, os seguintes datos:

Data do cargo na conta.

Importe.

Código de modelo.

Número de xustificante.

Códigos da entidade e sucursal.

Denominación social da entidade colaboradora.

Código conta cliente (CCC) da conta en que produciu o cargo.

Datos do obrigado:

NIF

Anagrama ou as catro primeiras letras do primeiro apelido (só en caso de autoliquidacións de persoas físicas).

Apelidos e nome ou razón social.

Datos da débeda satisfeita (só en caso de autoliquidacións):

Concepto.

Exercicio e período.

A lenda: «Este cargo produce os efectos liberatorios para co Tesouro Público previstos no Regulamento xeral de recadación».

Sen prexuízo do establecido nos artigos 34.4, último inciso e 38.3 do Regulamento xeral de recadación, nestes casos o obrigado quedará liberado en función da data de cargo na conta que a entidade colaboradora faga constar no recibo. En todo caso, carecerá de efectos fronte á Axencia Estatal de Administración Tributaria a data en que a entidade colaboradora valore contablemente a operación na conta na cal cargue o importe do ingreso.

3. Os recibos expedidos, ben directamente polas entidades colaboradoras ou a través da páxina web da Axencia Estatal de Administración Tributaria, como consecuencia de cargos na conta (naqueles casos en que non sexa posible a validación do documento de ingreso, por non se encontrar presente na entidade o obrigado tributario que optase por algunha forma de pagamento a distancia, tendo sido presentada a autoliquidación en soporte

distinto ao papel) ou naqueloutros casos en que, pese a efectuar o ingreso presencialmente, o obrigado non presente á entidade colaboradora ningún dos documentos de ingreso físicos a que se refire o punto 1 deste mesmo artigo, e solicite a emisión pola dita entidade dun destes recibos.

Estes recibos, que deberán ser proporcionados ao obrigado pola entidade colaboradora unha vez realizado o ingreso ou o cargo na conta, deberán conter, como mínimo, os seguintes datos:

Data e hora da operación.
 Importe.
 Código de modelo.
 Número de xustificante (non será necesario no caso de autoliquidacións).
 Códigos da entidade e sucursal.
 Denominación social da entidade colaboradora.
 Código conta cliente (CCC) da conta en que se produciu o cargo ou número da tarxeta de crédito ou de débito utilizada para realizar o pagamento (non será necesario cando o pagamento se efectuase en efectivo).
 Datos do obrigado:
 NIF
 Anagrama ou as catro primeiras letras do primeiro apelido (só en caso de autoliquidacións de persoas físicas).
 Apelidos e nome ou razón social.

Datos da débeda satisfeita (só en caso de autoliquidacións):

Concepto.
 Exercicio e período.
 Tipo de autoliquidación (ingreso ou devolución).

As seguintes lendas:

«Este cargo produce os efectos liberatorios para co Tesouro Público previstos no Regulamento xeral de recadación» (en todos os casos).

«O ingreso da débeda non exime da obriga de presentar a autoliquidación» (só se deberá incluír no caso de autoliquidacións).

Número de referencia completo (NRC) asignado ao ingreso.

Número de referencia completo (NRC) ao que substitúe (só en caso de anulación dun NRC anterior e substitución por un novo).

Sen prexuízo do establecido no último inciso do artigo 34.4 do Regulamento xeral de recadación, nestes casos o efecto liberatorio para o obrigado producirase en función do importe, a data e a natureza da operación consignados pola entidade colaboradora no recibo. En caso de que o obrigado realizase o pagamento mediante cargo na conta, carecerá de efectos fronte á Axencia Estatal de Administración Tributaria a data en que a entidade colaboradora valore contablemente a operación na conta na cal cargue o importe do ingreso.

Artigo 4. *O número de referencia completo (NRC).*

1. Concepto e composición. Naqueles supostos en que así o estableza o Ministerio de Economía e Facenda, as entidades colaboradoras estarán obrigadas a xerar un NRC en que as trece primeiras posicións corresponderán ao número de xustificante do documento de ingreso ou devolución.

O NRC é un código xerado informaticamente pola entidade colaboradora mediante un sistema criptográfico que permite asociar o pagamento ou a solicitude de devolución á autoliquidación, á taxa ou ao documento de ingreso expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria ou polos órganos competentes da Administración xeral do Estado ao delas derivado.

O NRC está composto por 22 posicións alfanuméricas co seguinte contido:

a) Posicións 1-13: corresponden ao número de xustificante da autoliquidación, da taxa ou do documento de ingreso expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria ou polos órganos competentes da Administración xeral do Estado.

b) Posición 14: corresponde a un carácter de control.

c) Posicións 15-22: corresponden a caracteres de control adicionais calculados pola entidade, de forma que dada a clave privada da entidade e os datos utilizados na xeración do NRC, só é posible obter estes caracteres e a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a entidade emisora están en condicións de autenticalos.

As normas técnicas de xeración do NRC figuran no anexo VII.

2. Claves privadas de cifraxa. Co fin de que as entidades colaboradoras poidan xerar o NRC nos termos indicados anteriormente, a Axencia Estatal de Administración Tributaria proporcionaralles a cada unha delas unha clave privada e exclusiva para cada unha das entidades.

Para tal efecto, as entidades colaboradoras comunicaranlle directamente ao Equipo Central de Control de Entidades Colaboradoras do Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, por calquera medio que permita ter constancia da súa recepción, os seguintes datos de dous responsables designados pola entidade:

NIF da entidade colaboradora.
 Nome e apelidos do responsable.
 Enderezo:

Nome da vía pública.
 Número da vía pública.
 Municipio.
 Código postal.
 Provincia.
 Teléfono de contacto.
 Número de fax.
 Enderezo de correo electrónico (optativo).

Será admisible a designación de dous únicos responsables que actúen colectivamente, baixo un único número de rexistro do Banco de España, en nome de varias entidades colaboradoras, sempre que estas se encontren integradas nun mesmo grupo, organización ou asociación.

A partir dos datos proporcionados pola entidade colaboradora, o Departamento de Informática Tributaria obterá a clave de cifraxa e enviaralla ao Departamento de Recadación, para os efectos da súa posterior notificación aos responsables designados pola entidade.

Co fin de incrementar a seguranza, notificaráselle a cada un dos responsables da entidade unicamente unha metade da clave.

Será responsabilidade das entidades colaboradoras a conservación e custodia das súas respectivas claves de cifraxa, así como a súa correcta utilización.

3. Consecuencias da emisión do NRC. A xeración dun NRC por parte dunha entidade colaboradora e a inclusión deste nun recibo entregado ao obrigado tributario terá as seguintes consecuencias:

a) Entenderase que o recibo en que figura responde a un ingreso realizado na entidade de crédito que o expide ou, de ser o caso, a unha solicitude de devolución presentada na dita entidade.

b) Quedará acreditado que o dito recibo corresponde á autoliquidación, á taxa ou ao documento de ingreso expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria ou órgano competente da Administración xeral do Estado que se indica no recibo e non a outro.

c) A partir do momento de xeración do recibo, e sempre que o NRC non sexa anulado conforme o disposto no artigo 21 desta orde, a entidade colaboradora queda

obrigada fronte á Axencia Estatal de Administración Tributaria polo importe que consta no recibo, quedando o debedor liberado da súa obriga de pagamento fronte á Facenda Pública, sen prexuízo do establecido no último inciso artigo 34.4 do Regulamento xeral de recadación.

Artigo 5. *Contas restrinxidas.*

1. Apertura de contas restrinxidas. As entidades de crédito autorizadas para actuar como colaboradoras na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria recollerán en contas restrinxidas os ingresos que resulten dos documentos presentados para tal fin polos obrigados ao pagamento.

Para os efectos do disposto nesta orde, enténdese por conta restrinxida a conta corrente sen retribución e sen devengo de comisión ningunha en que só se poden efectuar anotacións en concepto de aboamentos e unha única anotación por cargo cada quincena para proceder a ingresar o seu saldo na conta do Tesouro Público no Banco de España.

Non obstante poderanse efectuar outras anotacións, cando estas teñan orixe nalgunha das rectificacións mencionadas nos artigos 18, 19, 20 e 21 desta orde, sempre que estean debidamente xustificadas.

O ámbito das contas restrinxidas será nacional e a súa apertura deberase realizar na oficina que cada entidade colaboradora designe para se relacionar coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, segundo o previsto no artigo 6 desta orde.

2. Contas restrinxidas que deben abrir as entidades colaboradoras. As entidades colaboradoras procederán a abrir as seguintes contas restrinxidas, en función dos tipos de ingresos que se indican:

a) «Tesouro Público. Conta restrinxida de colaboración na recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria de autoliquidacións». Nesta conta recolleranse os ingresos que resulten de autoliquidacións formuladas nos modelos normativamente establecidos que figuran como anexo I.

b) «Tesouro Público. Conta restrinxida de colaboración na recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria de autoliquidacións especiais». Nesta conta recolleranse os ingresos que resulten das autoliquidacións formuladas nos modelos normativamente establecidos que figuran como anexo II.

c) «Tesouro Público. Conta restrinxida de colaboración na recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria de liquidacións practicadas pola Administración e outros ingresos non tributarios e da Caixa Xeral de Depósitos». Nesta conta recolleranse os ingresos, formulados nos modelos que figuran no anexo III, derivados de liquidacións practicadas pola Administración, tanto en período voluntario como en vía executiva, así como os ingresos procedentes de embargos e outros ingresos non tributarios e da Caixa Xeral de Depósitos.

d) «Tesouro Público. Conta restrinxida de colaboración na recadación das taxas que constitúen recursos do orzamento do Estado». Nesta conta aboaranse os ingresos resultantes das taxas xestionadas polos órganos da Administración xeral do Estado ou por organismos autónomos cuxa recadación sexa de aplicación ao orzamento do Estado formulados nos modelos normativamente establecidos que figuran como anexo IV.

Esta conta recollerá os ingresos tanto das taxas liquidadas pola Administración como das autoliquidadas polos obrigados ao pagamento.

e) «Tesouro Público. Conta restrinxida de colaboración na recadación das taxas que constitúen recursos dos orzamentos dos organismos públicos». Nesta conta aboaranse os ingresos, formulados nos modelos norma-

tivamente establecidos que figuran como anexo V, resultantes de:

1.º As taxas xestionadas polos organismos autónomos e cuxa recadación sexa de aplicación aos orzamentos destes.

2.º As taxas xestionadas por outros organismos públicos vinculados á Administración xeral do Estado, cando fosen debidamente autorizados polo Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria para utilizar o procedemento que se regula nesta orde.

Esta conta recollerá os ingresos tanto das taxas liquidadas pola Administración como das autoliquidadas polos obrigados ao pagamento.

A codificación destas contas axustarase á establecida no sistema financeiro de código conta cliente (CCC) coa seguinte estrutura:

Catro díxitos para o código da entidade.

Catro díxitos para o código da oficina.

Dous díxitos de control.

Dez díxitos para o número de conta.

Así mesmo, asignaráselle a cada unha das contas o número de identificación fiscal da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Unha vez realizada a apertura das contas restrinxidas, a entidade colaboradora comunicarllo ao Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, con identificación da codificación de cada unha delas.

3. Ingreso en conta restrinxida. O aboamento na conta restrinxida do Tesouro Público deberase realizar na mesma data en que se produza o ingreso na entidade. En todo caso, o dito aboamento realizarase de forma individualizada, e levarase a cabo unha anotación na conta por cada documento de ingreso recadado.

Cando concorresen circunstancias excepcionais, a entidade colaboradora poderá efectuar o aboamento na conta restrinxida ata dous días hábiles despois da data en que o obrigado realizase o pagamento, sen prexuízo de que a entidade efectuase o ingreso na conta do Tesouro no Banco de España en función da data que se consigne no xustificante de ingreso. Para estes efectos, considéranse circunstancias excepcionais as seguintes:

a) Finalización de quincenas que coincidan coa fin do período voluntario de ingreso de tributos que afecten unha xeneralidade de obrigados ao pagamento. En particular, as quincenas que finalicen o día 20 dos meses de xaneiro, abril, xullo e outubro, así como a que conclúe o día 5 de novembro.

Nestes supostos, a entidade colaboradora unicamente queda habilitada para diferir o aboamento na conta restrinxida respecto daqueles ingresos efectuados polos obrigados o mesmo día en que finalicen as quincenas anteriormente sinaladas.

b) Datas de finalización do prazo de presentación e ingreso das declaracións anuais dos seguintes impostos: imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre sociedades (unicamente cando o período impositivo coincide co ano natural) e imposto sobre o valor engadido.

Nestes supostos, a entidade colaboradora unicamente queda habilitada para diferir o aboamento na conta restrinxida respecto daqueles ingresos efectuados polos obrigados o mesmo día en que finalice o prazo de presentación e ingreso das declaracións tributarias anteriormente citadas.

c) As seguintes causas de forza maior: folgas e conflitos laborais, problemas de seguranza na oficina que obriguen ao seu desaloxo ou dificultades no funcionamento dos sistemas telemáticos que lle imposibiliten á

entidade colaboradora o acceso aos correspondentes rexistros contables.

Por requirimento dos órganos de recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria a entidade colaboradora deberá, en todo caso, acreditar a existencia de calquera destas causas de forza maior.

As circunstancias excepcionais que permiten diferir o aboamento na conta restrinxida non poderán ser invocadas en ningún caso pola entidade colaboradora:

1.º Cando o xustificante do pagamento proporcionado pola entidade colaboradora ao obrigado ao pagamento sexa algún dos documentos de ingreso a que se refire o artigo 3.1 desta orde, sempre que estea validado pola entidade de forma mecánica.

2.º Cando o xustificante subministrado ao obrigado pola entidade sexa un recibo dos citados no artigo 3.3 desta orde, salvo que o recibo traia causa doutro anterior que deba ser anulado por conter un NRC erróneo (como consecuencia de erros da entidade colaboradora na captura dos datos necesarios para a súa xeración) ou, cando quedando rexistro de que a operación se intentou en prazo, exista constancia de que a anotación na conta restrinxida non se puido realizar por motivos técnicos imputables á entidade.

4. Achega de extractos das contas restrinxidas polas entidades colaboradoras. O Departamento de Recadación, a través do Equipo Central de Control de Entidades Colaboradoras, poderá solicitar das entidades colaboradoras extractos das contas restrinxidas que, para cada operación de ingreso, deberán conter, como mínimo, os seguintes datos relativos ao período para o que se soliciten:

a) Concepto da operación, que corresponderá a algún dos seguintes:

1.º Aboamento normal, realizado na data de ingreso do obrigado ao pagamento e coincidente coa validación do documento de ingreso.

2.º Aboamento retroactivo, realizado ata dous días hábiles despois do ingreso do obrigado ao pagamento e da validación do documento, para as circunstancias excepcionais previstas no artigo 5.3 desta orde ou cando a anotación na conta se refira a unha rectificación ou anulación dun apuntamento anterior, realizado nos termos previstos nos artigos 18, 19, 20 e 21.

3.º Cargo por anulación de apuntamento, que se efectuará polo mesmo importe polo que se realizou o aboamento improcedente por erro de imputación, por duplicidade ou por validacións incorrectas.

4.º Cargo por ingreso no Banco de España.

Cada entidade colaboradora poderá expresar os anteriores conceptos por medio de códigos, numéricos ou alfabéticos, sempre que o extracto indique claramente o significado de cada un deles.

b) Data de valoración, que deberá coincidir coa de validación do documento de ingreso, excepto nos casos de aboamentos retroactivos ou rectificacións, en que:

1.º Cando a anotación na conta se refira á rectificación ou anulación dun asiento anterior, a data de valoración será aquela que, como data de operación, se consignou na anotación que se anula ou rectifica.

2.º Cando a operación corresponda a algunha das circunstancias excepcionais previstas no artigo 5.3 desta orde, a data de valoración será aquela en que o obrigado ao pagamento realizou o ingreso.

c) Data de operación, que será a de anotación efectiva na conta restrinxida.

d) Importe do ingreso ou do cargo.

e) Código numérico identificativo da sucursal que validou ou emitiu o correspondente xustificante de ingreso.

f) Saldo da conta tras cada operación de ingreso ou de cargo (unicamente cando o extracto o subministre a entidade colaboradora en soporte papel).

Cando o número de operacións que comprenda sexa superior a cincocentas, as entidades colaboradoras deberán subministrar o extracto por teleproceso, de acordo coas especificacións técnicas que figuran no anexo VIII. Cando o número de operacións fose igual ou inferior a cincocentas, as entidades colaboradoras poderán optar por remitir o extracto en papel ou por teleproceso.

Mediante resolución da Presidencia da Axencia Estatal de Administración Tributaria poderase establecer o procedemento e as condicións que permitan que tanto a consulta como a obtención dos movementos das contas restrinxidas se poidan levar a cabo pola internet, atendendo ás limitacións técnicas que puidese formular a utilización desta canle.

Artigo 6. *Oficina centralizadora nacional.*

De acordo co disposto no artigo 17.4 do Regulamento xeral de recadación, as referencias contidas nesta orde á oficina centralizadora entenderanse feitas á oficina designada por cada entidade desde a que se efectuarán todas as operacións de ingreso no Banco de España e a transmisión de información a nivel nacional, así como as comunicacións co Departamento de Recadación relacionadas coa prestación do servizo de colaboración na xestión recadatoria da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Artigo 7. *Quincenas recadatorias para as entidades colaboradoras.*

Cada quincena comprenderá desde o día seguinte ao de finalización da quincena anterior ata o cinco ou vinte seguinte ou ata o inmediato hábil posterior se o cinco ou o vinte son inhábiles. Para estes efectos, terán a consideración de inhábiles os sábados.

O vencemento de cada quincena será único a nivel nacional e coincidirá coa súa data de finalización, salvo que a dita data resulte inhábil en calquera das localidades en que teñan a súa sede as delegacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria, en cuxo caso se tomará como vencemento aquela que coincida co primeiro día hábil seguinte desa localidade.

Artigo 8. *Conservación de documentación e información.*

As entidades colaboradoras están obrigadas a conservar o exemplar destinado a elas dos documentos xustificativos dos ingresos e das solicitudes de devolución durante un período de cinco anos contados desde a súa recepción, así como a manter durante o mesmo período de tempo os rexistros informáticos relativos ás cantidades ingresadas na conta do Tesouro no Banco de España e ás demais operacións realizadas na súa condición de colaboradoras, para os efectos da realización dos controis e verificacións que puidese determinar o titular do Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Naqueles supostos en que se xerese un xustificante de pagamento distinto da validación no documento de ingreso, como é o caso dos recibos a que se refire o artigo 3.2 e 3 desta orde, as entidades deberán conservar durante un período de cinco anos os soportes informáticos relativos á xeración de tales recibos, de forma que se poidan obter duplicados destes, por petición do Equipo Central de Control de Entidades Colaboradoras ou dos obrigados ao pagamento.

CAPÍTULO II

Procedemento xeral de ingreso das entidades colaboradoras no Banco de España**Artigo 9. Prazos para efectuar o ingreso.**

As entidades colaboradoras ingresarán na conta do Tesouro no Banco de España o recadado cada quincena dentro dos sete días hábiles seguintes á fin de cada unha, considerándose inhábiles os sábados. En todo caso, o ingreso na conta do Tesouro no Banco de España deberase producir no mesmo mes en que finaliza a quincena correspondente.

Para efectos do ingreso, consideraranse días inhábiles as festividadeas (nacionais, autonómicas e locais) que afecten tanto a localidade en que se encontre situada a oficina central do Banco de España como a localidade en que radique a oficina centralizadora designada por cada entidade.

Artigo 10. Requirimentos de pagamento.

Conforme o previsto no artigo 26.2 do Regulamento xeral de recadación, a falta total ou parcial do ingreso na conta do Tesouro no Banco de España polas entidades colaboradoras nos prazos establecidos comportará a inmediata exixibilidade daquel e a liquidación dos xuros de demora correspondentes.

Para estes efectos, o Equipo Central de Control de Entidades Colaboradoras exixiralle á entidade o inmediato ingreso no Banco de España do importe pendente.

Se con posterioridade ao cadramento pola Axencia Estatal de Administración Tributaria dunha quincena recatoria se detectase a falta de ingreso pola entidade colaboradora dun ou máis documentos, esta deberá efectuar o ingreso no Banco de España das cantidades pendentes xunto coas da quincena que corresponda á data de recepción do escrito en que se exixa a realización do mencionado ingreso. En caso de que a falta de ingreso fose detectada pola propia entidade colaboradora, esta procederá de forma idéntica.

Unha vez efectuado o ingreso, o Equipo Central de Control de Entidades Colaboradoras procederá a liquidar os xuros de demora devengados, que se lle notificarán á entidade.

Sempre que os sistemas da Axencia Estatal de Administración Tributaria o permitan, e por petición expresa de cada entidade colaboradora, subministráraselle adicionalmente por medios informáticos o detalle dos datos tomados como base para a liquidación practicada.

Naqueles casos en que a entidade non efectuase o ingreso, procederase a exixirle a esta a cantidade debida pola vía administrativa de constrinximento.

Artigo 11. Procedemento de ingreso.

As entidades colaboradoras efectuarán o ingreso das cantidades recadadas en todas as súas oficinas en todo o territorio nacional de forma centralizada na conta do Tesouro na oficina central do Banco de España.

1. Información previa: saldos das contas restrinxidas. O segundo día hábil seguinte ao da fin de cada quincena, a oficina centralizadora de cada entidade enviaralle ao Departamento de Recadación, vía teleproceso, ou por fax ante causas de forza maior, os saldos das contas restrinxidas detalladas no artigo 5.2.a), b) e c) desta orde, correspondentes á quincena de que se trate. Esta información axustarase ás especificacións técnicas e ao modelo de remisión por fax que figuran no anexo IX.

Cando se trate das quincenas a que se refire o artigo 5.3.a) desta orde, os saldos comunicaranse o terceiro día hábil seguinte ao da fin de cada quincena.

Para os efectos da comunicación de saldos, consideraranse días inhábiles os sábados e as festividadeas (nacionais, autonómicas ou locais) que afecten tanto a localidade en que radique a oficina centralizadora designada por cada entidade como aquela en que radique a sede do Departamento de Recadación.

A entidade transmisora poderá incluír a información relativa a outras entidades colaboradoras.

En caso de que, con posterioridade á comunicación dos saldos, estes experimentasen variacións significativas, a entidade comunicarlle ao Departamento de Recadación o saldo final correcto. A dita comunicación efectuarase en todo caso antes do ingreso no Banco de España e levarase a cabo mediante fax ou correo electrónico, utilizando o modelo recollido para tal efecto no anexo IX.

Para estes efectos consideraranse significativas (para cada tipo de ingreso) as diferenzas entre o saldo inicialmente comunicado e o saldo correcto que excedan os 300.000 euros ou un 1 por 100 calculado sobre o saldo inicialmente comunicado. Malia o anterior, as entidades poderanlle comunicar ao Departamento de Recadación variacións inferiores ás anteriormente sinaladas.

Unha vez que a entidade efectuase o ingreso no Banco de España da quincena correspondente, o Equipo Central de Control de Entidades Colaboradoras comprobará que o total de cada un dos ingresos coincide cos saldos das contas correspondentes, podendo solicitar á entidade xustificación das diferenzas que, de ser o caso, se produzan.

2. Ingreso. As entidades colaboradoras efectuarán, mediante transferencia, o ingreso no Banco de España das cantidades recadadas en cada quincena, de acordo cos procedementos e horario que este estableza en cada momento para este tipo de operacións.

As ordes de transferencia, unha por cada tipo de conta restrinxida, enviaranse vía teleproceso ao Banco de España e deberán conter os seguintes datos:

a) Importe total ingresado, con indicación do número de documentos que comprende o ingreso.

b) Indicación do código correspondente a cada tipo de ingreso que será:

021: para autoliquidacións.

022: para autoliquidacións especiais.

023: para liquidacións practicadas pola Administración e outros ingresos non tributarios e da Caixa Xeral de Depósitos.

050: para taxas que constitúen recursos do orzamento do Estado.

051: para taxas que constitúen recursos dos orzamentos dos organismos públicos vinculados á Administración xeral de Estado.

c) Cando o ingreso corresponda aos códigos 021 e 022, incluírase unha desagregación de documentos de ingreso por modelos e importe de cada un deles.

d) Identificación da entidade colaboradora.

e) Quincena a que corresponde o ingreso.

f) Data de ingreso.

Cando por imposibilidades técnicas non se puidese efectuar o ingreso por liña de teleproceso, utilizarase para iso o documento que figura como anexo X, e presentaranse na forma indicada no parágrafo seguinte.

Así mesmo, aquelas entidades que non estean conectadas por liña de teleproceso coa central do Banco de España, utilizarán a rede propia do dito banco a nivel provincial ou autonómico para efectos de ordenar a correspondente transferencia a nivel nacional, utilizando para iso o documento que figura como anexo X, comprensivo dos datos identificativos daquela.

As ordes de transferencia liberarán a entidade colaboradora, polo importe satisfeito, cando se procedese á súa

anotación en firme na conta do Tesouro no Banco de España.

En consecuencia, se chegada a data do ingreso este non se efectuou, ou se fixo parcialmente, o importe non pagado exixirallo á entidade colaboradora o Equipo Central de Control de Entidades Colaboradoras, de acordo co procedemento establecido no artigo 10 desta orde.

3. Información dos ingresos na conta do Tesouro. Efectuado o ingreso, no mesmo día e unha vez realizado o peche xeral de operacións do Banco de España, este facilitaralle por teleproceso o arquivo definitivo dos ingresos do día ao Departamento de Informática Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria e á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira. Esta información axustarase ás especificacións técnicas que figuran no anexo XI.

Se por motivos excepcionais non fose posible realizar a transmisión da información conforme o especificado, o Banco de España presentará esta en soporte magnético.

En caso de que se detecten erros na validación da transmisión, rexeitarase esta e comunicaráse a incidencia ao Banco de España, que deberá emendar os erros advertidos o antes posible e, en todo caso, no prazo máximo de dous días desde a comunicación do rexeitamento.

A partir da información subministrada polo Banco de España, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira confeccionará unha folla de arqueo contable que deberá remitir o mesmo día á Subdirección Xeral de Contabilidade do Departamento de Recursos Humanos e Administración Económica da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

CAPÍTULO III

Achega de información polas entidades colaboradoras relativa aos ingresos recadados por elas

Artigo 12. Prazos e forma de presentación.

A información que, conforme o previsto no artigo 29.2 do Regulamento xeral de recadación, as entidades colaboradoras están obrigadas a achegar á Axencia Estatal de Administración Tributaria presentarase centralizadamente por teleproceso nos prazos seguintes:

a) Cando se trate de autoliquidacións e taxas, o mesmo día en que efectúe a entidade o ingreso no Banco de España.

b) Cando se trate de autoliquidacións especiais e liquidacións practicadas pola Administración e outros ingresos non tributarios e da Caixa Xeral de Depósitos, aos catro días hábiles seguintes á finalización da quincena correspondente.

Para estes efectos, consideraranse días inhábiles os sábados e as festividadeas (nacionais, autonómicas e locais) que afecten tanto a localidade onde radique a oficina centralizadora da entidade como a localidade en que radique a sede do Departamento de Informática Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

A información transmitiráselle ao Departamento de Informática Tributaria conforme as especificacións contidas no anexo XII, e conterá os datos identificativos seguintes:

- a) Importe total do ingreso e número de documentos que este comprende.
- b) Indicación do código correspondente a cada tipo de ingreso con desagregación, de ser o caso, por modelos e importe de cada un deles.
- c) Clave da entidade.
- d) Quincena a que corresponde o ingreso.
- e) Data de ingreso en Banco de España cando se refira a autoliquidacións.

A entidade transmisora poderá incluír a información relativa a outras entidades colaboradoras.

Artigo 13. Validación da información.

Co fin de que a información achegada polas entidades colaboradoras sexa correctamente incorporada ás correspondentes bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria, o Departamento de Informática Tributaria efectuará un proceso de validación dos datos subministrados, vía teleproceso, conforme as especificacións que figuran no anexo XIII.

O dito proceso realizarase da forma seguinte:

1. Para as autoliquidacións (anexo I), as autoliquidacións especiais (anexo II) e as liquidacións practicadas pola Administración e outros ingresos non tributarios e da Caixa Xeral de Depósitos (anexo III). Procederase a validar a información de detalle co fin de verificar o seu contido e que este se axusta ás especificacións anteriormente mencionadas. Dependendo do resultado desta validación, procederá:

a) Aceptación provisional, o que implicará a inexistencia de erros ou que, aínda existindo, estes son leves e non superan os límites establecidos.

b) Rexeitamento. Procederá o rexeitamento da información cando no proceso de validación se detecten:

1.º Un ou máis erros dos denominados graves.

2.º Un número total de erros leves ou porcentaxe superior á indicada no anexo XIII, é dicir, cen erros en valor absoluto ou un un por cento de erros sobre o total, en valor relativo.

O prazo para emendar os erros detectados e presentar de novo a información será de dous días hábiles, a partir da data en que se produza o rexeitamento.

2. Para as taxas (anexos IV e V). Validarase a información de detalle co fin de verificar o seu contido e que este se axusta ás especificacións anteriormente mencionadas, dependendo do resultado procederá:

a) Aceptación provisional, o que implicará a completa inexistencia de erros.

b) Rexeitamento. Procederá o rexeitamento da información cando no proceso de validación se detecte algún dos erros denominados graves.

O prazo para emendar os erros detectados e presentar de novo a información será de dous días hábiles, a partir da data en que se produza o rexeitamento.

Artigo 14. Transmisións de información substitutivas doutras anteriores.

Unha vez remitida e aceptada a información e antes de proceder ao ingreso no Banco de España, se a entidade colaboradora detectase que o contido daquela é erróneo ou inclúe algunha das incidencias a que se refiren os artigos 18, 19, 20 e 21 desta orde, comunicárallo ao Departamento de Informática Tributaria, e realizará unha nova transmisión substitutiva das xa enviadas.

Artigo 15. Proceso de cadramento e aceptación definitiva da información.

A aceptación definitiva da información correspondente a cada tipo de ingreso quedará condicionada ao cadramento do importe total ingresado no Banco de España pola entidade co importe total que figure na información subministrada por esta para ese tipo de ingreso.

Se os ditos importes non coinciden, o Departamento de Informática Tributaria comunicárallo ao Departamento de Recadación o cal, a través do Equipo Central de Control de Entidades Colaboradoras, o porá de manifesto á entidade colaboradora, concedéndolle a esta un prazo de dous días para que emende as deficiencias detectadas da forma que se recolle no artigo 22.1 desta orde.

Se realizadas as ditas operacións as cantidades coinciden, procederá a aceptación definitiva da dita información, que terá as seguintes implicacións:

1. Para as autoliquidacións (anexo I), as autoliquidacións especiais (anexo II) e as liquidacións practicadas pola Administración e outros ingresos non tributarios e da Caixa Xeral de Depósitos (anexo III). A aceptación definitiva da información implicará a inexistencia de erros ou, aínda existindo, que estes sexan leves e non superen os límites establecidos.

Darase por aceptada a información se no prazo de dous días hábiles desde o día do ingreso non hai comunicación en contrario polo Equipo Central de Control de Entidades Colaboradoras, procedéndose á súa distribución ás bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

En caso de existiren erros leves, as dependencias de recadación comunicaranllo á correspondente entidade, e concederánlle a esta un prazo máximo de dez días hábiles para que achegue a documentación necesaria para proceder á súa emenda.

Con independencia de todo o anterior, o Equipo Central de Control de Entidades Colaboradoras comprobará que o total de cada un dos ingresos coincide cos saldos das contas correspondentes. En caso de que existan diferenzas, o dito equipo poderá requirir da entidade correspondente xustificación sobre estes extremos.

2. Para as taxas (anexos IV e V). A aceptación definitiva da información implicará a absoluta inexistencia de erros.

Darase por aceptada a información se no prazo de dous días hábiles, desde o día do ingreso, non hai comunicación en contrario polo Equipo Central de Control de Entidades Colaboradoras.

A partir da aceptación definitiva da información procederase á distribución desta aos distintos centros xestores de taxas.

CAPÍTULO IV

Presentación de información relativa a solicitudes de devolución por transferencia e a declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas con resultado a ingresar ou a devolver igual a cero, como consecuencia da aplicación do artigo 97.6 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación de parcial dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio

Artigo 16. *Prazos e forma de presentación.*

O procedemento establecido neste capítulo será aplicable para os seguintes modelos:

- Todos os incluídos no anexo VI desta orde.
- O modelo 100 (IRPF-Declaración anual. Documento de ingreso ou devolución), en todos aqueles casos en que o resultado da declaración sexa igual a cero por aplicación da opción de suspensión do ingreso ou renuncia ao cobramento da devolución prevista no punto 6 do artigo 97 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación de parcial dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio.

As entidades transmitiránlle ao Departamento de Informática Tributaria, vía teleproceso, a información relativa aos modelos anteriormente indicados, nos seguintes prazos máximos:

- No caso de solicitudes de devolución presentadas polo obrigado tributario entre os días 1 e 15 de cada mes, antes do último día hábil dese mes.
- No caso de solicitudes de devolución presentadas polos obrigados tributarios, entre os días 16 e último do mes, ata o día 15 do mes seguinte ou o inmediato hábil posterior.

Para estes efectos, consideraranse días inhábiles os sábados e as festividadeas (nacionais, autonómicas e locais) que afecten tanto a localidade onde radique a oficina centralizadora da entidade como a localidade en que radique a sede do Departamento de Informática Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

A entidade transmisora da información poderá incluír a relativa a outras entidades colaboradoras.

A información axustarase ás especificacións establecidas no anexo XIV.

Artigo 17. *Validación da información.*

Co fin de que a información achegada polas entidades sexa incorporada correctamente ás bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria, o Departamento de Informática Tributaria efectuará un proceso de validación dos datos subministrados, vía teleproceso, conforme as especificacións que figuran no anexo XV, no cal se verificará:

- Que as características da información se axustan ás especificacións sinaladas no anexo XIV.
- Que o total dos documentos incluídos na información coinciden co sumatorio das cantidades individuais contidas nesta.

O proceso de validación e tratamento das posibles incidencias ou erros detectados axustarase ao sinalado no artigo 13.1 desta orde, tendo en conta a tipificación de erros que para estes efectos figura no anexo XV.

CAPÍTULO V

Incidencias na prestación do servizo de colaboración

Artigo 18. *Erros de imputación nas contas restrinxidas ou aboamentos duplicados en tales contas.*

Cando se producen erros de imputación nas contas restrinxidas ou aboamentos duplicados nestas, e sempre que o erro sexa detectado antes de realizar o ingreso correspondente no Banco de España, a entidade colaboradora anulará o asento mediante cargo na conta pola mesma cantidade.

En todo caso, a entidade deberá xustificar a incidencia cando así lle sexa requirido polo Equipo Central de Control de Entidades Colaboradoras.

Artigo 19. *Erros na validación dos documentos de ingreso de autoliquidacións e das cartas de pagamento correspondentes a liquidacións practicadas pola Administración.*

Cando unha entidade colaboradora validase un documento por un importe ou concepto de operación (ingreso ou devolución) incorrectos, e sempre que o erro sexa detectado antes de realizar o ingreso correspondente no Banco de España, procederá a anular a dita validación en todos os exemplares do documento, realizando seguidamente a validación polo importe correcto, con reflexo de ambas as operacións na conta restrinxida que corresponda.

Sen prexuízo do establecido no último inciso do artigo 34.4 do Regulamento xeral de recadación, será responsabilidade da entidade colaboradora que o obrigado ao pagamento non teña no seu poder exemplares do documento con validacións distintas das correctas.

Así mesmo, a entidade deberá xustificar a incidencia cando así lle sexa requirido polo Equipo Central de Control de Entidades Colaboradoras.

Artigo 20. *Erros na emisión de recibos nos casos de ingresos por domiciliación.*

Nos casos de ingresos mediante domiciliación, se a entidade colaboradora emitise recibos que contivesen importes

erróneos, e sempre que o erro sexa detectado antes de realizar o ingreso correspondente no Banco de España, procederá a anular o recibo erróneo e a emitir outro correcto, que deberá entregar ao obrigado ao pagamento, con reflexo de ambas as operacións na correspondente conta restrinxida.

Sen prexuízo do establecido no último inciso do artigo 34.4 do Regulamento xeral de recadación, será responsabilidade da entidade colaboradora que o obrigado ao pagamento non teña no seu poder recibos en que consten importes distintos dos correctos, agás que a entidade xustifique de forma que faga fe a necesidade da súa anulación ou substitución.

Así mesmo, a entidade deberá xustificar a incidencia cando así lle sexa requirido polo Equipo Central de Control de Entidades Colaboradoras.

Artigo 21. *Erros na emisión de recibos con NRC.*

1. Procedemento e prazo. Naqueles supostos en que se detecten erros nos recibos emitidos polas entidades colaboradoras cun NRC estas procederán a anular a operación correspondente. Para iso, anularán o asento na conta restrinxida e emitirán, de ser o caso, un novo NRC conforme os datos achegados polo declarante, e expedirá un novo recibo xustificativo, con reflexo de ambas as operacións na correspondente conta restrinxida.

A entidade poderá incorporar no dito recibo xustificativo a referencia ao NRC anulado ou requirir do declarante xustificación que faga fe da solicitude de anulación.

As entidades colaboradoras estarán obrigadas a levar a cabo as anulacións dos recibos con NRC ata o día seguinte hábil á finalización da quincena que corresponda á data de ingreso que conste no recibo erróneo. Para estes efectos consideraranse inhábiles os sábados e as festividadeas de carácter nacional.

Sen prexuízo do establecido no último inciso do artigo 34.4 do Regulamento xeral de recadación, será responsabilidade da entidade colaboradora que o obrigado ao pagamento non teña no seu poder recibos en que consten datos incorrectos.

Así mesmo, a entidade deberá xustificar a incidencia cando así lle sexa requirido polo Equipo Central de Control de Entidades Colaboradoras.

2. Autorización previa da Axencia Estatal de Administración Tributaria. Sen prexuízo do anterior, a anulación do NRC precisará da autorización previa da Axencia Estatal de Administración Tributaria nos seguintes casos:

- a) Liquidacións practicadas pola Administración, relativas a débedas de comercio exterior (modelo 031).
- b) Declaracións-liquidacións correspondentes ao imposto especial sobre determinados medios de transporte (modelo 576).
- c) Nos demais casos en que así o estableza o ministro de Economía e Facenda.

Nestes supostos, cando a entidade colaboradora xerase un NRC erróneo, o obrigado ao pagamento comunicarálles, presencial ou telematicamente, a incidencia aos seguintes órganos da Axencia Estatal de Administración Tributaria:

1.º Cando o NRC corresponda a unha declaración-liquidación do imposto especial sobre determinados medios de transporte (modelo 576), aos órganos de recadación das delegacións e administracións da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

2.º Cando corresponda a unha débeda de comercio exterior (modelo 031), ás dependencias e administracións de alfándegas.

Estes órganos, unha vez realizadas as comprobacións oportunas, facilitaránlle ao obrigado un documento que autorizará expresamente a inmediata anulación do NRC erroneamente xerado. Baseándose nese documento, que deberá ser entregado polo obrigado á entidade colaboradora,

esta procederá tanto á anulación do NRC erróneo como á retrocesión da operación de ingreso que motivou a súa xeración.

Nos casos en que sendo requisito necesario, a entidade colaboradora anulase un NRC sen contar cunha autorización previa e escrita da Axencia Estatal de Administración Tributaria, a entidade non quedará liberada da obriga de ingresar no Tesouro o importe do recibo improcedentemente anulado.

En todo caso, o documento de autorización de anulación que emitan os órganos da Axencia Estatal de Administración Tributaria conterá un código mediante o cal a correspondente entidade colaboradora deberá comprobar a autenticidade e validez do documento de autorización que lle sexa presentado. A dita comprobación poderá ser realizada, en todo caso, a través da páxina web da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Serán responsabilidade das entidades colaboradoras as incidencias que deriven da anulación de NRC sen comprobar previamente a autenticidade e validez do documento de autorización.

3. Transmisión de información á Axencia Estatal de Administración Tributaria dos NRC anulados. As entidades colaboradoras transmitirán a información dos NRC correspondentes a ingresos anulados de autoliquidacións (código 021) e autoliquidacións especiais (022), conxuntamente coa correspondente á dos ingresos da quincena e conforme as especificacións técnicas recollidas no anexo XII. A dita información someterase aos mesmos procesos de validación recollidos no artigo 13 desta orde.

Habilitase o presidente da Axencia Estatal de Administración Tributaria para establecer a obriga para as entidades colaboradoras de transmitir a información dos NRC anulados que correspondan a agrupacións de ingreso diferentes das mencionadas no parágrafo anterior.

Artigo 22. *Incidencias nas operacións de ingreso no Banco de España.*

1. Descadramento entre o ingreso quincenal no Banco de España e a información de detalle presentada á Axencia Estatal de Administración Tributaria. En caso de que no proceso de cadramento a que se refire o artigo 15 desta orde se producisen diferenzas entre o importe ingresado pola entidade colaboradora no Banco de España e o que figura no total da información achegada por ela á Axencia Estatal de Administración Tributaria, a entidade procederá do modo seguinte:

a) Cando o erro sexa imputable á transmisión de información, a entidade procederá a emendar os erros de acordo co procedemento fixado nos artigos 13 e 14 desta orde.

b) Cando a entidade ingresase no Banco de España un importe superior ao correcto, presentará a oportuna solicitude de devolución ante o Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Recibida a solicitude e despois de efectuadas as comprobacións pertinentes, o Departamento de Recadación propondrá a devolución das cantidades ingresadas en exceso á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, a través do Departamento de Recursos Humanos e Administración Económica da Axencia Estatal de Administración Tributaria. Non obstante, este departamento efectuará directamente a devolución cando esta se refira a taxas que constitúen recursos dos orzamentos dos organismos públicos (código 051).

c) Cando a entidade ingresase no Banco de España un importe inferior ao correcto, o Equipo Central de Control de Entidades Colaboradoras exixiralle á entidade o inmediato ingreso complementario no Banco de España. O dito ingreso realizarase de acordo co procedemento establecido no artigo 11.2 desta orde.

2. Supostos de reembolso a entidades colaboradoras por ingresos excesivos ou duplicados. Sen prexuízo do previsto no punto 1 deste mesmo artigo, as entidades colaboradoras poderán solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria o reembolso de ingresos nos seguintes casos:

a) Cando a entidade ingresase no Banco de España importes superiores aos que figuran na validación dos documentos de ingreso por ela recadados ou dos que constan nos recibos e demais xustificantes de pagamento por ela emitidos.

b) Cando se produza o aboamento duplicado en conta restrinxida dun mesmo documento de ingreso, tendo ingresado a entidade colaboradora no Banco de España o importe duplicado.

c) Nos casos de pagamentos mediante domiciliación, cando por causas imputables á Axencia Estatal de Administración Tributaria, a entidade colaboradora cargase na conta do obrigado unha domiciliación improcedente ou por un importe superior ao correcto. Nestes supostos, será requisito imprescindible que a entidade acredite de forma que faga fe ter reintegrado ao obrigado a cantidade cargada en exceso ou improcedentemente.

d) Naqueles casos en que, por erro a ela imputable, a entidade colaboradora ingresase no Banco de España e a favor da Axencia Estatal de Administración Tributaria cantidades que correspondesen a outras administracións tributarias distintas da estatal.

e) Nos demais casos en que así o estableza o ministro de Economía e Facenda.

A estes reembolsos non lles será aplicable a normativa reguladora das devolucións de ingresos indebidos de natureza tributaria.

Fóra dos anteriores supostos, e de acordo co establecido no artigo 221 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e demais normativa aplicable, as posibles devolucións deberán ser solicitadas polo obrigado ao pagamento ante a delegación ou administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda ou, se a devolución se refire a algunha das taxas incluídas nos códigos 050 e 051, ante o centro xestor da taxa que corresponda.

Así mesmo, as solicitudes de devolución de cantidades que procedan da actuación da entidade como simple depositaria de bens embargados deberán ser formuladas ante a delegación ou administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria responsable do expediente executivo.

3. Procedemento de reembolso. As entidades colaboradoras solicitarán o reembolso mediante escrito dirixido ao Equipo Central de Control de Entidades Colaboradoras do Departamento de Recadación e exclusivamente a través da correspondente oficina centralizadora.

A citada solicitude deberá conter os seguintes datos:

a) Razón social, número de identificación fiscal e domicilio social da entidade solicitante.

b) Feitos e razóns en que se concrete a petición.

c) Código conta cliente da conta a que o Tesouro Público, de ser o caso, deberá efectuar a transferencia do importe do reembolso. Segundo o establecido na Orde PRE/1576/2002, do 19 de xuño, pola que se regula o procedemento para o pagamento de obrigacións da Administración xeral do Estado, a dita conta deberá estar dada de alta no Fichero Central de Terceiros.

d) Xustificación documental dos feitos en que se basea a solicitude. En particular, a entidade deberá achegar orixinal ou fotocopia cotexada do exemplar para a entidade do documento de ingreso validado por ela ou duplicado dos recibos e demais xustificantes de pagamento emitidos por ela.

Recibida a solicitude, e unha vez efectuadas as oportunas comprobacións, o Equipo Central de Control de Enti-

dades Colaboradoras propondrá, de ser o caso, o reembolso das cantidades ingresadas en exceso á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, a través do Departamento de Recursos Humanos e Administración Económica da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

O pagamento dos reembolsos ás entidades colaboradoras será ordenado polo titular da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira e será efectuado, en todo caso, mediante transferencia efectuada contra a conta do Tesouro no Banco de España.

CAPÍTULO VI

Control das entidades colaboradoras

Artigo 23. *Control e seguimento.*

De acordo co previsto no artigo 17.5 do Regulamento xeral de recadación, o Departamento de Recadación, a través do Equipo Central de Control de Entidades Colaboradoras efectuará o seguimento e control da actuación das entidades colaboradoras. Para tal efecto, e sen prexuízo das actuacións individualizadas de comprobación que, de ser o caso, procedan, cada ano o titular do dito departamento aprobará os correspondentes plans de control.

Disposición adicional única. *Vixencia dos datos previamente comunicados polas entidades colaboradoras.*

Respecto das entidades de crédito que, no momento de entrada en vigor desta orde xa tivesen a condición de colaboradoras na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, e agás manifestación contraria por parte destas, considerarase que os datos a que se refiren os artigos 4.2 e 5.1 e 2 son os mesmos que xa foron comunicados no seu día polas ditas entidades, polo que estas non deberán reiterar a dita comunicación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

A partir da entrada en vigor desta orde quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) Orde ministerial do 15 de xuño de 1995, pola que se desenvolve parcialmente o Regulamento xeral de recadación, na redacción dada a este polo Real decreto 448/1995, do 24 de marzo, en relación coas entidades de depósito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria.

b) Orde ministerial do 28 de decembro de 2000 pola que se outorga carácter de xustificante de pagamento a determinados documentos expedidos polas entidades de depósito.

c) Os números terceiro, cuarto e quinto da Orde HAC/3578/2003, do 11 de decembro, pola que se desenvolve o Regulamento xeral de recadación na redacción dada a este polo Real decreto 1248/2003, do 3 de outubro, e se modifica a Orde do 15 de xuño de 1995, en relación coas entidades de depósito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria.

d) Os números 6, 8 e 9 da Orde do 4 de xuño de 1998 pola que se regulan determinados aspectos da xestión recadatoria das taxas que constitúen dereitos da Facenda Pública.

Así mesmo quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto nesta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día 9 de outubro de 2007.

Madrid, 28 de xuño de 2007.–O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

ANEXO I

CÓDIGO 021-AUTOLIQUIDACIÓN

MODELO	DENOMINACION	PERIODOS INGRESO
043 ⁽¹⁾	TAXA SOBRE O XOGO.-SALAS DE BINGO	T
044 ⁽¹⁾	TAXA SOBRE O XOGO-CASINOS	T
045 ⁽¹⁾	TAXA MÁQUINAS RECREATIVAS	T
100	IRPF - DECLARACIÓN ANUAL/BORRADOR DO IRPF	0A
102	IRPF - SEGUNDO PRAZO	0A
110	IRPF RETENCIONS E ING. NA CTA. RENDEMENTOS DO TRABALLO. ACTIV. ECON. PREMIOS E DETERMINADAS IMPUTACIONES DE RENDAS.	T
130	IRPF PAGAMENTO FRACCIONADO. ACTIVIDADES ECONÓMICAS EN ESTIMACIÓN DIRECTA	T
131	IRPF PAGAMENTO FRACCIONADO. ACTIVIDADES ECONÓMICAS EN ESTIMACIÓN OBXECTIVA	T
150	IRPF-RÉXIME ESPECIAL DE TRIBUTACIÓN POLO IRNR.	0A
200	IS. E IRNR. DECLARACIÓN ANUAL	0A
201	IS.E IRNR. DECLARACIÓN ANUAL SIMPLIFICADA	0A
202	IS. PAGAMENTO FRACCIONADO	1P,2P,3P
206	IMP. RENDA NON-RESIDENTES (EST. PERMANENTE)	0A
210	IMP. RENDA NON-RESIDENTES (SEN EST. PERMANENTE).- DECLA ORDINARIA	0A
211	IR NON-RESIDENTES. RET. ADQ. DE INM. A NON-RESIDENTES SEN EST. PERMANENTE	0A
212	IR NON-RESIDENTES. RENDAS DER. DE TRANS. DE INMOBLES	0A
213	GRAVAME ESPECIAL SOBRE INM. DE ENTIDADES NON RESIDENTES	0A
214	IP E IR NON-RESIDENTES. DECLA. SIMPLIFICADA	0A
215	IR NON-RESIDENTES SEN EST. PERMANENTE.- DECLA COLECTIVA	T
225	IS SOCIEDADES PATRIMONIAIS	0A
300	IVE DECLARACIÓN TRIMESTRAL	T
309	IVE DECL. LIQUID. NON PERIÓDICA	1T,2T,3T,4T E 0A
310	IVE REX. SIMPLIFICADO	1T,2T,3T
311	IVE REX. SIMPLIFICADO. DECLA.-LIQUIDACIÓN FINAL	4T
370	IVE REX. XERAL E SIMPLIFICADO. DECLARACIÓN TRIMESTRAL ORDINARIA	1T,2T,3T
371	IVE REX. XERAL E SIMPLIFICADO. DECLARACIÓN FINAL	4T
380	IVE EN OPERAC. ASIMILADAS A IMPORTACIONES	M, T , 0A
440	IMPOSTO XERAL DO TRÁFICO DE EMPRESAS	T
576	IE S/DETERMINADOS MEDIOS DE TRANSPORTE	0A
595	IE S/ O CARBÓN	T
600 ⁽²⁾	TRANSMISIONES PATRIMONIAIS	0A

MODELO	DENOMINACION	PERIODOS INGRESO
610 ⁽²⁾	ACT. XURID. RECIBOS NEGOCIADOS EE.CC.	0A
615 ⁽²⁾	ITP E AXD. DOCS. CON ACCIÓN CAMBIARIA OU ENDOSABLES Á ORDE.	0A
620 ⁽²⁾	COMPRAVENDA VEHÍC. USADOS ENTRE PARTIC.	0A
630 ⁽²⁾	ACTOS XURÍDICOS DOCUMENTADOS	0A
650 ⁽²⁾	IMP. SUCESIÓN E DOAZÓN. MORTIS CAUSA ORDINARIA	0A
651 ⁽²⁾	IMP. SUCESIÓN E DOAZÓN. INTER VIVOS	0A
652 ⁽²⁾	IMP. SUCESIÓN E DOAZÓN. MORTIS CAUSA SIMPLIFICADA	0A
696	TAXA XUDICIAL	0A
714	IMP. SOBRE O PATRIMONIO	0A
777	DECLARACIÓN-LIQUIDACIÓN EXTEMPORÁNEAS E COMPLEMENTARIAS.	0A

(1) Só nalgunhas comunidades.

(2) Cando a xestión lle corresponda ao Estado.

Nas autoliquidacións extemporáneas doutras presentadas en pesetas será admisible que as tres primeiras posicións do nº de xustificante sexan "777".

ANEXO II

CÓDIGO 022-AUTOLIQUIDACIÓN ESPECIAIS

MODELO	DENOMINACION	PERIODOS INGRESO
111	IRPF.RETENC. E ING. NA CTA. GRANDES EMPRESAS	M
115	IRPF E IS RETENCIÓN POR RENDEMENTOS DE ALUGUER DE INM. URBANOS.	M-T
117	IRPF, IS E IRNR. RETENCIÓN POR TRANSM. DE PARTICIPACIÓN EN INSTITUCIÓN DE INVESTIMENTO COLECTIVO.	M-T
123	RET. CAP. MOB. (EXCEPTO INT. E IMPLIC.)	M-T
124	RET. CAP. MOB. REND. IMPLÍCITOS XERAL.	M-T
126	RET. CAP. MOB. XUROS	M-T
128	IRPF, IS, RTOS. DO CAPITAL MOBILIARIO DE OPERACIÓN DE CAPITALIZACIÓN E CONTRATOS DE SEGURO DE VIDA E INVALID.	M-T
216	IRPF RETENCIÓN NON-RESIDENTES SEN EST. PERMANENTE	M-T
218	IS E IRNR PAGAMENTO FRACCIONADO GRANDES EMPRESAS	1P,2P,3P
220	IS RÉXIME GRUPOS FISCAIS	0A
222	IS PAGAMENTO FRACCIONADO GRUPOS FISCAIS	1P,2P,3P
320	IVE GRANDES EMPRESAS	M
330	IVE EXPORTADORES	M-T
332	IVE EXPORTADORES. GRANDES EMPRESAS	M

MODELO	DENOMINACION	PERIODOS INGRESO
430	IMPOSTO SOBRE AS PRIMAS DE SEGUROS	M
559	IMPOSTO SOBRE O ALCOHOL E BEBIDAS DERIVADAS. RÉXIME DE DESTILACIÓN ARTESANAL E COLLEITEIRO	0A-M-T
560	IMPOSTO SOBRE A ELECTRICIDADE	M-T
561	IMPOSTO SOBRE A CERVEXA	M-T
562	IMPOSTO SOBRE PRODUCTOS INTERMEDIOS	M-T
563	IMP.SOBRE O ALCOHOL E BEBIDAS DERIVADAS	M-T
564	IMPOSTO SOBRE HIDROCARBUROS	M
566	IMPOSTO SOBRE OS ELABORADOS DO TABACO	M
569	I.VENDAS A RETALLO DE HIDROCARBUROS	T

Nas autoliquidacións extemporáneas doutras presentadas en pesetas será admisible que as tres primeiras posicións do nº de xustificante sexan "777".

ANEXO III

CÓDIGO 023-LIQUIDACIÓN

MODELO	DENOMINACION
002	LIQUIDACIÓN AEAT: VOLUNTARIA E EXECUTIVA.
003	DILIXENCIA DE EMBARGO DE CONTAS ABERTAS EN ENTIDADES DE CRÉDITO.
004	LIQUIDACIÓN AEAT:ACTAS DE INSPECCIÓN DE CONFORMIDADE.
008	DOCUMENTO DE INGRESO ASOCIADO A DILIXENCIAS DE EMBARGO.
010	LIQUIDACIÓN AEAT: INGRESOS PARCIAIS OU FÓRA DE PRAZO.
012	LIQUIDACIÓN DELEGACIÓN DE ECONOMÍA E FACENDA.
031	LIQUIDACIÓN AEAT: DÉBEDAS DE COMERCIO EXTERIOR.
032	LIQUIDACIÓN RÉXIME ECONÓMICO FISCAL DE CANARIAS
060	LIQUIDACIÓN DELEGACIÓN DE ECONOMÍA E FACENDA: INGRESOS NA CAIXA XERAL DE DEPÓSITOS.
061	LIQUIDACIÓN DELEGACIÓN DE ECONOMÍA E FACENDA: COTAS DE DEREITOS PASIVOS.
069	LIQUIDACIÓN DELEGACIÓN DE ECONOMÍA E FACENDA: OUTROS INGRESOS NON TRIBUTARIOS.

ANEXO IV

CÓDIGO 050-TAXAS ORZAMENTO DO ESTADO

MODELO	DENOMINACIÓN
790	TAXAS QUE CONSTITÚEN RECURSOS DO ORZAMENTO DO ESTADO. AUTOLIQUIDACIÓN POLO SUXEITO PASIVO.
990	TAXAS QUE CONSTITÚEN RECURSOS DO ORZAMENTO DO ESTADO. LIQUIDACIÓN POLA ADMINISTRACIÓN.

ANEXO V**CÓDIGO 051-TAXAS ORZAMENTO DE ORGANISMOS PÚBLICOS**

MODELO	DENOMINACION
791	TAXAS QUE CONSTITÚEN RECURSOS DE ORGANISMOS PÚBLICOS. AUTOLIQUIDACIÓN POLO SUXEITO PASIVO.
991	TAXAS QUE CONSTITÚEN RECURSOS DE ORGANISMOS PÚBLICOS. LIQUIDACIÓN POLO ORGANISMO.

ANEXO VI**MODELOS DE AUTOLIQUIDACIÓN CUXO RESULTADO SEXA UNHA SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN E XESTIONABLES A TRAVÉS DE ENTIDADES COLABORADORAS.**

MODELO	DENOMINACION	PERIODOS INGRESO
100	DEVOLUCIÓN IRPF ORDINARIO E BORRADOR	0A
150	DEVOLUCIÓN IRPF-RÉXIME ESPECIAL DE TRIBUTACIÓN POLO IRNR.	0A
200	DEVOLUCIÓN IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES DECLARACIÓN ANUAL.	0A
201	DEVOLUCIÓN IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES DECLARACIÓN ANUAL SIMPLIFICADA.	0A
206	DEVOLUCIÓN IMPOSTO RENDA NON-RESIDENTES (ESTABLECEMENTO PERMANENTE).	0A
220	DEVOLUCIÓN IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES RÉXIME BALANCES CONSOLIDADOS.	0A
225	DEVOLUCIÓN IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES PATRIMONIAIS.	0A
300	DEVOLUCIÓN IVE RÉXIME XERAL (UNHA VEZ AO ANO).	0A (4T)
311	DEVOLUCIÓN IVE RÉXIME SIMPLIFICADO-DECLARACION FINAL (UNHA VEZ AO ANO).	0A (4T)
320	DEVOLUCIÓN IVE GRANDES EMPRESAS (UNHA VEZ AO ANO).	0A (12)
330	DEVOLUCIÓN IVE EXPORTADORES.	M-T
371	DEVOLUCIÓN IVE RÉXIME XERAL E SIMPLIFICADO-DECLARACIÓN FINAL (UNHA VEZ AO ANO).	0A (4T)

ANEXO VII**XERACIÓN do NRC-NORMAS TÉCNICAS****Xeración de claves de cifraxo por parte da AEAT e das entidades colaboradoras**

As entidades colaboradoras deberán empregar procedementos de cifraxo que utilicen o algoritmo DES para realizar funcións MAC (message authentication code), axustándose á norma ANSI X9.9, opción 1, para xerar códigos de autenticación de mensaxes.

A AEAT xerará e enviará, mediante o procedemento que se describe a continuación, unha clave privada para cada entidade colaboradora. Para iso:

Utilizando os procedementos de cifraxo mencionados anteriormente, a AEAT xerará unha clave de cifraxo única para cada entidade colaboradora e gardaraa nun ficheiro cifrado.

A AEAT enviaralle a cada un dos responsables designados pola entidade colaboradora (segundo o establecido na disposición adicional primeira) unha parte da clave (16 caracteres en hexadecimal, equivalentes a 8 bytes). A entidade colaboradora xerará, cun programa

informático, a súa correspondente clave de cifraxa da seguinte forma:


- Aplicarase un XOR entre as dúas partes da clave, enviadas aos responsables, para obter como resultado unha clave de 8 bytes (clave «en limpo»).
- A clave obtida en a) servirá de entrada aos procedementos de cifraxa mencionados anteriormente que, neste caso, permitan obter, co algoritmo DES, unha clave de cifraxa tipo MAC, exclusiva para esa entidade colaboradora, e gardala nun ficheiro cifrado.
- Unha vez xerada a clave, procederase a validala da seguinte forma:
 - Utilizarase un algoritmo de xeración MAC de 4 con saída hexadecimal.
 - Os datos de entrada serán:
 - A clave acabada de xerar, que se recuperará do ficheiro cifrado onde se gardou,

- A configuración «00000000» (oito ceros en código EBCDIC, equivalentes en hexadecimal a: «F0F0F0F0F0F0F0F0»).


A saída obtida será unha «clave de contraste» formada por oito caracteres hexadecimais. Se esta saída coincide coa clave de contraste enviada pola AEAT a un dos dous responsables significará que a xeración da clave de cifraxa nesa entidade foi correcta; en caso contrario, a entidade colaboradora deberase poñer en comunicación coa AEAT, a través dun dos teléfonos de contacto que figuran nas cartas enviadas aos responsables

A clave así xerada e gardada pola entidade colaboradora nun ficheiro cifrado servirá, a partir do momento en que estea validada e contrastada correctamente, para xerar no futuro todos os NRC entregados aos obrigados que realicen, na dita entidade, ingresos/solicitudes de devolución dirixidos á Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Xeración da clave de cifraxa na entidade colaboradora



Validación da clave de cifraxa na entidade colaboradora




(*) Algoritmo de xeración de MAC (message authentication code) baseado na norma ANSI X9.9-1

(**) Se a clave de contraste obtida coincide coa enviada pola AEAT na carta ao responsable 2 a xeración da clave de cifraxa para esa entidade foi correcta.

Xeración dun NRC (número de referencia completo)A) AUTOLIQUIDACIÓNS E AUTOLIQUIDACIÓNS ESPECIAIS (excepto borradores de IRPF):

O NRC xerarase a partir dos datos seguintes:

Número de xustificante (Xerado pola entidade)	MMMBBBBNNNNNDC	(14)	Sendo: MMM= código de modelo BBBB= código de Banco de España NNNNN= número secuencial correlativo. D= dígito de control do xustificante C= carácter de control complementario
NIF do obrigado	XXXXXXXXXX	(9)	
Exercicio fiscal	XX	(2)	
Período	XX	(2)	
Tipo de operación	X	(1)	I= ingreso D= devolución
Importe	XXXXXXXXXXXXXX	(12)	
	LONXITUDE TOTAL	(40)	DATO DA OPERACIÓN



O número de referencia completo (NRC) da presentación será:

Número de referencia	Caracteres de control
14	8

Detalle dos datos a incluír para xerar o NRC:

Para xerar o NRC é imprescindible que todos estes datos, a incluír nos procedementos de cifraxa, estean en EBCDIC (ver, máis adiante, táboa de conversión ASCII, EBCDIC)

MMM: código do modelo correspondente á presentación de que se trate.

BBBB: código do Banco de España: catro primeiros díxitos do CCC.

NNNNN: número secuencial correlativo, comezando por 00000, por cada código de modelo. Caso de chegar a 99999, comezariase por 00000.

D: dígito de control do «MMMMBBBNNNNN», xerado co mesmo algoritmo que o actual número de xustificante das autoliquidacións.

MMMMBBBNNNNND: conforman o número de xustificante que utilizará a entidade colaboradora para subministrar a información de detalle quincenal.

C: carácter de control complementario, xerado aplicando un algoritmo que será facilitado a unha das persoas designadas pola entidade colaboradora. Só se utilizará para o NRC.

NIF:NIF do obrigado.

Exercicio fiscal: dous últimos díxitos do exercicio fiscal a que corresponda a presentación.

Período : os valores válidos correspondentes a presentacións mensuais son: 01, 02, 03 ...,12. Para presentacións trimestrais: 1T, 2T, 3T e 4T. Para presentacións anuais ou aperiódicas: 0A.

Tipo de autoliquidación: "I" para ingresos e "D" para solicitudes de devolución.

Importe: indicarse a cifra (un número enteiro), axustada á dereita e completada con ceros á esquerda, ata completar as 12 posicións. Expresarase en céntimos de euro, para evitar o uso de decimais."

Táboa de conversión ASCII/EBCDIC

Denominación do carácter	Codificación hexadecimal	
	ASCII	EBCDIC
Espazo en branco	20	40
A	41	C1
B	42	C2
C	43	C3
D	44	C4
E	45	C5
F	46	C6
G	47	C7
H	48	C8
I	49	C9
J	4A	D1
K	4B	D2
L	4C	D3
M	4D	D4
N	4E	D5
O	4F	D6
P	50	D7
Q	51	D8
R	52	D9
S	53	E2
T	54	E3
U	55	E4
V	56	E5
W	57	E6
X	58	E7
Y	59	E8
Z	5A	E9
0	30	F0
1	31	F1
2	32	F2
3	33	F3
4	34	F4
5	35	F5
6	36	F6
7	37	F7
8	38	F8
9	39	F9

B) LIQUIDACIÓNS PRACTICADAS POLA ADMINISTRACIÓN:


As normas técnicas de xeración do NRC para os documentos de ingreso expedidos pola Administración son as indicadas anteriormente para autoliquidacións e autoliquidacións especiais, coa peculiaridade de que para estes a estrutura do NRC se xera a partir dos datos seguintes:

B.1) Para modelos 002, 004, 008, 010, 031 e 032:

Número de xustificante (Asignado pola AEAT e último carácter de control calculado pola entidade colaboradora)	DDAATTNNNNNNDC	(14)	Sendo: DD= delegación ou alfándega AA= exercicio TT= tipo NNNNNN= número secuencial D= carácter de control (calculado pola AEAT) C= carácter de control complementario (calculado pola entidade colaboradora)
NIF do debedor	XXXXXXXXXX	(9)	
Importe ingresado	XXXXXXXXXXXXXX	(13)	
Data de ingreso	AAAAMMDD	(8)	
Código Banco de España	XXXX	(4)	Código da entidade colaboradora en que se realiza o ingreso
	LONXITUDE TOTAL	(48)	DATO DA OPERACIÓN

B.2) Para modelos 060, 061 e 069:

Número de xustificante	NNNNNNNNNNNNDC	(14)	Sendo: NNNNNNNNNNNN= número secuencial D= carácter de control (calculado pola AEAT) C= carácter de control complementario (calculado pola entidade colaboradora)
NIF do debedor	XXXXXXXXXX	(9)	
Importe ingresado	XXXXXXXXXXXXXX	(13)	
Data de ingreso	AAAAMMDD	(8)	
Código Banco de España	XXXX	(4)	Código da entidade colaboradora en que se realiza o ingreso
	LONXITUDE TOTAL	(48)	DATO DA OPERACIÓN



O número de referencia completo (NRC) será:

Número de Referencia	Caracteres de control
14	8

Detalle dos datos a incluír para xerar o NRC:

Para xerar o NRC é imprescindible que todos estes datos, a incluír nos procedementos de cifraxa, estean en EBCDIC e que se sigan as normas xenéricas respecto ao NIF, ao importe ingresado e ao carácter 14 do xustificante.


D: carácter de control xerado pola Administración para cada xustificante de ingreso.

C: carácter de control complementario xerado aplicando o algoritmo facilitado ás entidades colaboradoras xunto coa clave privada de cifraxa.

C) TAXAS DE DEPARTAMENTOS MINISTERIAIS E ORGANISMOS PÚBLICOS.

As normas técnicas de xeración do NRC para os documentos de ingreso de taxas (modelos 790, 791, 990 e 991) son as indicadas anteriormente para liquidacións practicadas pola AEAT, coa peculiaridade de que para estes a estrutura do NRC se xera a partir dos datos seguintes:

Número de xustificante (Último carácter de control calculado pola entidade colaboradora)	MMMTTSSSSSSDC	(14)	Sendo: MMM= código de modelo TTT= código de taxa SSSSSS= número secuencial D= carácter de control. C= carácter de control complementario (calculado pola entidade colaboradora)
NIF do debedor	XXXXXXXXXX	(9)	
Importe ingresado	XXXXXXXXXXXXXX	(13)	
Data de ingreso	AAAAMMDD	(8)	
Código Banco de España	XXXX	(4)	Código da entidade colaboradora en que se realiza o ingreso
	LONXITUDE TOTAL	(48)	DATO DA OPERACIÓN



O número de referencia completo (NRC) será:

Número de referencia	Caracteres de control
----------------------	-----------------------


14

8

D) BORRADORES DO IRPF:

O NRC xerárase a partir dos datos seguintes:

Número de referencia (Asignado pola AEAT e último carácter de control calculado pola entidade colaboradora)	MMMANNNNNNSSDC	(14)	Sendo: MMM= código de modelo A= código indicador do ano NNNNNN= número secuencial SS= díxitos seguraza D= díxito de control C= carácter de control complementario (calculado pola entidade colaboradora)
NIF do suxeito pasivo	XXXXXXXXXX	(9)	
Exercicio	AA	(2)	
Período	0A	(2)	
Tipo de autoliquidación	X	(1)	I: ingreso, D: devolución
Importe ingresado ou solicitado a devolver	XXXXXXXXXXXXXX	(13)	Na mesma moeda en que estea denominada a conta restrinxida
Código Banco de España	XXXX	(4)	Código da entidade colaboradora en que se realiza o ingreso
Data de confirmación do borrado	AAAAMMDD	(8)	
Reservado	000	(3)	Tres ceros
	LONXITUDE TOTAL	(56)	DATO DA OPERACIÓN



O número de referencia completo (NRC) será:

Número de referencia	Caracteres de control
----------------------	-----------------------

ANEXO VIII**SUBMINISTRACIÓN POR TELEPROCESO DOS EXTRACTOS DAS CONTAS RESTRINXIDAS-ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS**

1.- Características da conexión co DIT para intercambio telemático de ficheiros

- 1.- Liña de comunicación
 Conexión X-25 IBERPAC
 Características:
 Circuito virtual conmutado
 Tamaño paquete: 128
 Tamaño ventá nivel 2:7
 Tamaño ventá nivel 3:7

- 2.- Programa de transferencia de ficheiros
 EDITRAN

- 3.- Lonxitude de rexistro: 80 caracteres

2.- Deseño de rexistros

2.1.- Rexistro de cabeceira de conta

Posic.	Tipo	Descrición
1-2	Num.	Código rexistro '11'
3-6	Num.	Clave da entidade
7-10	Num.	Clave de oficina
11-20	Num.	Nº de conta
21-26	Num.	Data inicial (AAMMDD)
27-32	Num.	Data final (AAMMDD)
33-33	Alf..	Clave debe ou haber do saldo inicial ("D" ou "H")
34-47	Num.	Importe saldo inicial
48-80	Alf.	Libre

2.2.- Rexistro principal de movementos

Posic.	Tipo	Descrición
1-2	Num.	Código rexistro '22'
3-6	Alf.	Libre
7-10	Num.	Oficina
11-16	Num.	Data operación (AAMMDD)
17-22	Num.	Data valor (AAMMDD)
23-24	Num.	Concepto común 21 – Aboamento normal 22 – Aboamento retroactivo 23 – Cargo por anulación 24 – Cargo por aboamento B.España
25-27	Alf.	Libre
28-28	Alf..	Clave debe ou haber ("D" ou "H")
29-42	Num.	Importe
43-80	Alf.	Libre

2.3.- Rexistro final de conta

Posic.	Tipo	DESCRIPCIÓN
1-2	Num.	Código rexistro '33'
3-6	Num.	Clave entidade
7-10	Num.	Clave oficina
11-20	Num.	Nº de conta
21-25	Num.	Nº apuntamentos debe
26-39	Num.	Total importes debe
40-44	Num.	Nº apuntamentos haber
45-58	Num.	Total importe haber
59-59	Alf..	Clave debe ou haber do saldo final ("D" ou "H")
60-73	Num.	Saldo final
74-80	Alf.	Libre

2.4.- Rexistro de fin de ficheiro

Posic.	Tipo	Descrición
1-2	Num.	Código rexistro '88'
3-20	Num.	Noves
21-26	Num.	Nº total de rexistros (incluídos os de cabeceira de conta e fin de ficheiro)
27-80	Alf.	Libre

3.- Validacións

3.1. Tipo de rexistro 11 (cabeceira de conta)

Código de rexistro distinto de 11
 Código de entidade incorrecto
 Código de oficina incorrecto
 Número de conta erróneo
 Datos ilóxicas
 Saldo non numérico

